

PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA

DATA DE ELABORACIÓN: 02/11/2021

DATA DE REVISIÓN:

INDICE

- 1. Marco legal.**
- 2. Xustificación.**
- 3. Obxetivos**
- 4. Destinatarios**
- 5. Medidas de atención a diversidade**
- 6. Criterios para a organización e distribución dos recursos.**
- 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas.**
- 8. Canles de colaboración coas nais, país ou tutores e cos diferentes servizos externos ao centro.**
- 9. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.**
- 10. Anexos.**

Modelos de documentos para a atención e xestión da diversidade.

1. MARCO LEGAL

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Entre os **principios** nos que se inspira o sistema educativo español, recollidos *nas diferentes normativas*) destácanse, **en relación á atención á diversidade**, os seguintes: *“a equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquera tipo de discapacidade” e “a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade”.*

No marco do Decreto 229/2011, concrétese que a atención á diversidade rexerese polos *principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.*

*Na citada Lei orgánica, no art. 71 do Título II - Equidade na Educación, establécese que corresponde as administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria (**alumnado con necesidade específica de apoio educativo**), por presentar necesidades educativas especiais (discapacidade ou trastornos graves de conduta), por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade), polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo*

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No marco do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, sinálanse entre **as actuacións e medidas de atención á diversidade da Administración educativa**, garantir unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, realizar a dotación de recursos necesarios, adecuar os centros docentes en materia de accesibilidade e impulsar accións, medidas e programas, así como a formación de todo o profesorado na atención de este alumnado. Recóllense, así mesmo, neste Decreto, entre **as actuacións e medidas de atención á diversidade dos centros docentes**, adecuar a resposta educativa á diversidade; tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa; concretar principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro; deseñar e desenvolver accións preventivas, medidas e actuacións e optimizar a organización dos recursos do centro para dar resposta ás necesidades de todo o alumnado e, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo; potenciar a acción titorial e orientadora.

Neste sentido, nos respectivos *Decretos polos que se regulan as distintas ensinanzas do sistema educativo*, sinálase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe, os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a forma de atención á diversidade (recollida no Proxecto educativo de cada centro) á que se refire o *artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006*.

Neste Plan **concrétanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado**.

O citado Decreto, recolle que **o departamento de orientación elabora dito Plan de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos, que será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte**

do proxecto educativo. No artigo 12, sinala que a estrutura do Plan Xeral de Atención á Diversidade incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

“Xustificación baseada no contexto; Identificación e valoración das necesidades; Determinación dos obxectivos; Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade; Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas; Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro; Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición; Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro; Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias e Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.”

O equipo directivo, responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación deste Plan, ao comezo de cada curso escolar, incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade , a PXA e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

2. XUSTIFICACIÓN

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten. E para que iso sexa así, a Administración educativa, o profesorado, as familias e o conxunto da sociedade teñen que promover as actuacións que permitan coñecer e comprender como pensa cada unha das alumnas e dos alumnos, como atende, como procesa os estímulos que recibe, como manifesta os seus sentimentos, como interactúa coas demais persoas, cales son os seus intereses, cal é o seu nivel de desenvolvemento, etc. Como se recolle na exposición de motivos da citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros

***Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.***

docentes, no das administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade. Xa que logo, é necesario un profesorado que pense e viva a escola desde a mente de cada alumna e de cada alumno. Só así se facilitará o desenvolvemento persoal e social do alumnado e se promoverá o seu acceso ao currículo en condicións de igualdade, nunha escola inclusiva, na cal conviven, se desenvolven e enriquecen alumnas e alumnos diferentes, contando cun currículo flexible, sobre todo no ámbito da metodoloxía, que proporciona a todas e a todos espazos de participación, espazos de colaboración. Pero para que iso sexa así, para unha verdadeira inclusión, necesítase realizar un grande esforzo na cualificación do profesorado, tanto na súa formación inicial como na permanente; necesítase un sistema educativo e unha sociedade que promovan o desenvolvemento de todos os talentos de cada alumna e de cada alumno; cómpre un tecido educativo e social comprometido coa investigación, coa innovación e co aproveitamento tecnolóxico; precísase unha sociedade inclusiva e comprometida coas persoas máis vulnerables. Nun momento como o que se está a vivir, en que unha pandemia universal fixo retumbar os cimentos de formas centenarias de facer e entender a escola, buscar nos recursos tecnolóxicos outras formas de achegamento ao currículo faise necesario, talvez imprescindible. Hai que ter en conta, ademais, que o alumnado deste primeiro cuarto do século XXI naceu, vive e se desenvolve nun contorno dixital, polo que o sistema educativo, en xeral, e o profesorado, en particular, teñen que se adaptar a ese contorno e teñen que ver nos recursos tecnolóxicos unha oportunidade para a modernización da escola e para, probablemente, un cambio total de paradigma dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

Antes de realizar o deseño das actividades deste Departamento de Orientación, foi importante e necesario consultar a memoria anual do centro e a memoria do departamento do curso anterior con respecto a este centro e o adscrito, xa que nos devanditos documentos aparecen reflexadas as ideas e finalidades que tanto o centro como o departamento pretendían levar a cabo o curso pasado; así como os resultados obtidos.

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

Foi consultado así mesmo, o Proxecto educativo do centro, actualizado periódicamente, para extraer de ambos unha idea un global do centro en concreto e as características de quen acuden e traballan nel.

A través do uso e aplicación de diversos e diferentes métodos de avaliación e obtención de información como foron: a miña propia experiencia de levar varios cursos consecutivos neste centro, xunto coas entrevistas-charlas con profesores que levan tempo no centro, entrevistas con diferentes alumnos/as, con algúns pais/nais, así como entrevistas específicas cos servizos sociais de Sobradelo dan idea global que nos acerca un pouco máis a realidade educativa, socioeconómica e familiar da zona.

Por outra parte a través da cumplimentación de cuestionarios específicos e do intercambio de información obtiven unha idea aproximada das necesidades do entorno, do alumnado y do personal que interven na vida do centro.

Podese afirmar casi con rotundidade, que as necesidades máis imperiosas de este centro e entorno, son:

- A preocupante **tasa de fracaso escolar** no alumnado en xeral; o nivel de hábitos, estratexias, curiosidade e traballo é moi baixo; en xeral; os rapaces e rapazas non teñen acadado o coñecemento ou o manexo de certos contidos esperables para cada nivel ou curso. Estas dificultades son moi evidentes e chamativas sobre todo na etapa de primaria. Por iso, para este curso vamos a tratar desde este departamento, de establecer unha serie de prioridades e obxectivos enfocados a corrixir esta situación que cada curso aumenta e se estende ata a etapa de secundaria.
- A alarmante problemática que existe no dominio das técnicas instrumentais, o curso pasado a través da CCP e dun grupo de traballo acordamos unha serie de intencións que vamos a poñer en marcha este curso. A través destas medidas vamos a tratar de inculcar nos alumnos unha serie de hábitos e rutinas moi sinxelas pero que parecen olvidadas ou nunca adquiridas (orden, control e supervisión diaria do material e do traballo feito).
- Aínda que se reduciron os problemas de conducta ou comportamento segue habendo alumnos (sobre todo procedentes de outros centros) moitos destes rapaces conflictivos, proceden a maioría de ambientes familiares desestructurados e problemáticos nos que se suelen dar unha total falta de

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

disciplina ou normas e, nos que en moitas ocasións ninguén parece poñer límites.

En canto as necesidades dos docentes están muy relacionadas cos aspectos antes mencionados; xa que se sinten impotentes ante certos conflitos, faltas de respecto e empatía e actitudes negativas.

Ante estes resultados o departamento plantexase basicamente a consecución dos obxetivos relacionados sobre todo co **desenvolvemento integral da persoa**, vaise tratar de priorizar ante todo o desenvolvemento dunha educación en valores e saber comportarse para desde a educación contribuir a formación de “ persoas “.

Polo que os obxetivos a traballar do departamento de orientación, desenvolveránse de forma xeral a través dos tres ámbitos de actuación:

- . A acción titorial.....a través do Plan de acción Titorial (PAT).
- . O apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe.
- . Este plan de atención a diversidade.
- . A orientación académica- profesional. (Plan de orientación)

3. OBXETIVOS XERAIS DESTA AMBITO:

- a) O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.
- b) A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.
- c) A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.
- d) A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- e) A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

4. DESTINATARIOS

Alumnado con necesidade específica de apoio educativo De conformidade co artigo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Alumnado con necesidades educativas especiais .De conformidade co artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

O departamento de Orientación disporá dos recursos necesarios para a detección precoz das alumnas e dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Para tal efecto, as administracións educativas dotarán este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.

Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

.Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

Alumnado con altas capacidades intelectuais .O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación. Sen prexuízo do anterior e para os efectos desta orde, considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. É competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos, a acreditación da alta capacidade intelectual.

Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfase curricular. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

Os centros docentes informarán e asesorarán as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre os dereitos, os deberes e as oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo galego.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Debido a que non somos todos iguais, e que non soamente é unha variable como pode ser a idade ou o xenero o que nos diferencia, senón que existe unha grande heteroxeneidade en canto a capacidades, motivacións e intereses que van a repercutir na grande diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe, faise necesario botar man dunha serie de medidas de atención a diversidade. Por iso cando este departamento diseña O plan de apoio ó proceso de ensino-aprendizaxe o fai coa finalidade de:

- Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Promover e desenvolver estratexias de aprendizaxe entre o alumnado é decir, estratexias de " aprender a aprender "
- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas fundamentalmente a crear un clima de relacións harmoniosas na aula e de detección dos problemas de aprendizaxe acompañadas éstas de aquelas outras de reforzo ós procesos de aprendizaxe en ámbitos instrumentais da linguaxe o do cálculo.
- Establecer medidas de corrección adecuadas para os alumnos con n.e.e da índole que sexan éstas, recurrido a A.C.I, excepcionalmente e como medida extrema a diversificación curricular
- Realizar o seguemento do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as que presenten dificultades importantes.

Estes aspectos desenvolveráanse a través dunha serie de **medidas de apoio** de diferentes tipos:

a. MEDIDAS DE ORGANIZACIÓN.

- Organización de espazos: facilitarase unha organización flexible do espazo interior da aula que permita facer fronte a diversidade de actividades e situacións que poidan presentarse mantendo sempre o equilibrio entre o traballo individual e colectivo, a autonomía de movemento e a comunicación.
- Distribución do tempo: A organización dos tempos deberá ser flexible

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

e estar en función das intencións educativas.

.Respecto ó horario dos alumnos terase en conta que o convencional módulo horario que divide o tempo escolar en períodos de igual duración admite outras combinacións como por exemplo: agrupamentos flexibles para actividades de reforzo e/oprofundización.

-Con respecto ó profesorado no horario xeral do centro contempláranse oportunamente períodos de tempo que permitan o encontro entre os distintos órganos de coordinación e os diferentes sectores implicados na educación: Dptos didácticos, equipos educativos, coordinación de tutores etc...

b. MEDIDAS PREVENTIVAS.

- Os propios *niveis de concreción* axustado ás diferentes necesidades detectadas no centro .

- *Facilitación do tránsito entre a primaria e asecundaria.*

- *A optatividade:* este aspecto permitirá e favorecerá a adquisición de aprendizaxes globalizados e funcionais, a transición a vida activa e ampliará a oferta educativa.

- *A avaliación inicial:* Constitue unha das medidas para prevenir e detectar problemas de aprendizaxe xa que ayuda a ter un coñecemento temprano do alumno en variables tales como a competencia curricular características personais, circunstancias de tipo escolar, social e familiar que poidan influir no seu proceso de aprendizaxe.

- *A acción tutorial e a orientación:* considerada como unha das mellores medidas preventivas xa que sempre tratará de desenvolver actividades encamiñadas a mellorar o clima de aula e de centro. Con isto se lograrán obxetivos básicos na educación tales como o desenvolvemento de capacidades de equilibrio persoal, a facilitación dos procesos de ensino e aprendizaxe e

o benestar persoal das persoas implicadas no proceso educativo.

- *A educación en valores:* Contribuiremos ó desenvolvemento integral dos alumnos a través do desenvolvemento dos eixes transversais que han de estar presentes en todas as áreas .

-*Programas específicos* : Neste curso vamos a incidir de forma xeral en tódolos niveis que se imparten no centro na adquisición e afianzamento de estratexias

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

e técnicas de estudo así como **no fomento da lectura** a través do proxecto lector, isto faramolo a través dun programa específico elaborado na propia CCP, coas aportacións dos diferentes departamentos e equipos para dar solución tanto o importante índice de fracaso escolar como o baixo nivel percibido en primaria.

Por outra parte vamos a traballar un programa da Xunta para prevenir certos hábitos e conductas no uso e emprego das redes sociais cos conseguintes problemas.

Ademais tamén contamos cun **programa de integración para inmigrantes** elaborado ó longo de varios cursos e coa experiencia de varios docentes; neste centro ten a peculiaridade, xa normalidade, de que a él acuden nenos/as de procedencias diversas e o fan en calquera momento do curso, aspectos que temos contemplados na nosa PXA

c. MEDIDAS ORDINARIAS.

- *O Apoio educativo.*

- *Reforzo Educativo* :A hora de desenvolver este tipo de adaptación (non significativa) sabemos que as modificacións, adaptacións e/o adecuacións soamente van a afectar ó como ensinar e avaliar: a estratexias metodolóxicas, actividades de enseñanza-aprendizaxe, e actividades de avaliación. Tendo en conta que en ningún momento o alumno traballa elementos doutro nivel.

-*Asesoramento*: Tanto ó profesorado como ós alumnos/as , tanto de forma xeralizada (P A T), como de forma máis individualizada a aqueles alumnos que estén en situación de incertidumbre .

-*Avaliacións diagnósticas*: detección (en teoría) de dificultades de aprendizaxe.

-*Non promoción* . : Existe a posibilidade de que un alumno/a non promocióne ó curso seguinte e permaneza un curso máis no mesmo nivel, cando non supere unha serie de materias de forma positiva e cando tras ter en conta os criterios de promoción propostos polo equipo educativo éste considere esta medida como beneficiosa para o alumno/a. Para iso o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso, *un Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria ou secundaria que permaneza un ano máis no mesmo curso* .

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Tamén no caso de *Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar* .

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

Se terá tamén contemplado uns *Programas de habilidades e competencias sociais*

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

As competencias e as habilidades sociais, representan un conxunto de procesos cognitivos, socioafectivos e emocionais que desenvolven as capacidades para levar a cabo comportamentos socialmente axeitados e o desenvolvemento dunha convivencia positiva.

Tendo en conta a igualdade de oportunidades para desenvolver os valores do principio de igualdade de trato e non discriminación por razóns de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, discapacidade, idade, doenza, relixión ou crenzas, nin por ningunha outra condición nin circunstancia persoal nin social, así como a prevención da violencia de xénero, os centros docentes desenvolverán programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado nos cales se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia. Estas actuacións desenvolveranse en todas as áreas, materias, ámbitos ou módulos, e terán a consideración de elementos transversais do currículo.

d. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

- *A avaliación psicopedagóxica*: É o proceso de recollida, tratamento e interpretación de datos coa finalidade de identificar as necesidades educativas de determinados alumnos/as que presentan o poden presentar desaxustes no seu desenvolvemento personal ou académico e poder fundamentar as decisións respecto a tales aspectos como: flexibilización do período de escolarización, a elaboración de A.C.Is, as propostas de diversificación do currículo, a determinación de recursos e apoios específicos complementarios, a orientación escolar e profesional e cantos aspectos que os rapaces poidan precisar para progresar no desenvolvemento harmónico das distintas capacidades.

En todo caso a avaliación psicopedagóxica, terá que contribuir a mellora da calidade da institución escolar.

- *Adaptacións curriculares individuais (AC)*: Esta medida, está pensada

Departamento de Orientación
Plan de atención a diversidade.

